

Un berro aínda máis forte: ¡Harambee!

A iniciativa que naceu na canonización de san Xosemaría para axudar á África subsahariana sostén actualmente 28 proxectos en 14 países. Para dar continuidade ao esforzo, naceu a ONG "Harambee Africa International", con sedes en Italia, España, Francia, Portugal, EEUU e Irlanda.

09-11-2008

"Confianza no home e amor e proximidade a persoas de toda condición. A partir destes puntos de referencia, froito das ensinanzas de San Xosemaría Escrivá, naceu o programa Harambee por Africa".

Así definiu **Giovanni Mottini**, Presidente da nova ONG, o perfil de **Harambee Africa International**, presentada o 27 de outubro en Roma.

Dende o seu nacemento, hai 6 anos, Harambee creceu e implantouse en novos lugares, como España, Francia, Portugal, Estados Unidos e Irlanda e axudou economicamente a 28 iniciativas sociais e educativas de 14 países da área subsahariana.

A nova entidade constituíuse para mellorar as funcións de coordinación internacional do proxecto, que ata agora se realizaban grazas ao Istituto per a Cooperazione Universitaria.

"No ano 2002, con motivo da canonización de San Xosemaría, preguntabámonos que poderíamos facer como cristiáns para deixar pegada das súas ensinanzas -dixo Mottini-. E comezamos a ocuparnos de África, evitando unha mirada estética, é dicir a do que mira ao continente pensando só na súa rica natureza, ou evitando tamén a mirada estática típica do que, mostrando indignación cara aos seus dramas, queda logo lonxe dos problemas".

Harambee Africa International impulsa máis ben unha solidariedade concreta, xamais a distancia: a solidariedade de San Xosemaría Escrivá.

"Comezamos a ocuparnos de África -continuou Mottini-, preguntándonos non tanto que necesitan os africanos, senón máis ben en que están a pensar, porque estamos convencidos,

co Papa Benedicto XVI, que a pobreza non é só material, senón sobre todo de esperanza".

Ese é motivo polo que Harambee África International promoveu e sostivo programas en África.

"Concentrámonos na educación, na mellora da súa calidade, porque así cultivaremos a intelixencia e a capacidade de cada un para mellorar o seu propio destino". A solidariedade de Harambee, en definitiva, é menos espectacular, pero moi eficaz.

Tras a intervención de Giovanni Mottini, a coordinadora internacional da nova Asociación, **Linda Corbi**, mostrou os resultados obtidos polos proxectos impulsados por Harambee, deténdose especialmente na experiencia de Kenya.

"Acabamos de finalizar unhas xornadas de estudio e seguimento en

Nairobi, onde puidemos experimentar a potencialidade de cambio positivo que hai tras os programas que financiamos de axuda a mestres de escola, ás veces os únicos puntos de referencia para as novas xeracións"

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/un-berro-ainda-mais-forte-
harambee/](https://opusdei.org/gl-es/article/un-berro-ainda-mais-forte-harambee/) (22-02-2026)